



**ACTA DE ACORDO SOBRE AS BASES DA CARREIRA PROFESIONAL NO ÁMBITO DO  
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E AS ENTIDADES ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE  
SANIDADE E AO DITO ORGANISMO**

**6 DE XULLO DE 2018**

**Pola Administración**

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos  
M<sup>a</sup> José Montero Furelos  
Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico  
Mercedes Castro Seijas  
Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime retributivo.  
Javier García Caeiro  
Xefe do Servizo de Relacións Laborais  
Esperanza Rodríguez Cabo  
Xefa do Servizo de xestión e coordinación do expediente profesional electrónico.  
Alberto López Suárez  
Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

**Polas Organizacións Sindicais**

M<sup>a</sup> Xosé Abuín Álvarez (CIG)  
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)  
Xoana Zamudio Cutrín (CIG)  
Manuel González Moreira (CIG)  
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)  
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)  
Emilio Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)  
Francisco Javier Iglesias Mato (CESM-O'MEGA)  
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)  
Emilia Lamas Seoane (CCOO)  
Javier González Castro (CCOO)  
Javier Martínez Fente (UGT)  
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)  
Rafael Vázquez García (UGT)  
Daniel Otero Castiñeira (CSIF)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)  
Manuel González Vázquez (CSIF)  
Carmen García Rivas (SATSE)  
M<sup>a</sup> Pilar Oviedo González (SATSE)  
M<sup>a</sup> Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)

Coa data do 27 de outubro de 2017, a Administración Sanitaria e as organizacións sindicais CESM-O'MEGA, CCOO, UGT, CSIF, SATSE e SAE acordaran iniciar a negociación das bases da carreira profesional, e impulsala de modo prioritario na procura de finalizar a negociación e acadar un Acordo no mes de xuño de 2018.



Tras o correspondente proceso de negociación no marco da Mesa Sectorial coas organizacións CIG, CESM-O'MEGA, CCOO, UGT, CSIF e SATSE (reunións de comisión técnica delegada de datas 1 de decembro de 2017, e 19 de xaneiro, 28 de febreiro e 6 de abril de 2018; reunións de Mesa de 13 e 15 de xuño), **na sede da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela, o 6 de xullo de 2018** ten lugar unha reunión da dita Mesa Sectorial (sesión extraordinaria) coa seguinte orde do día:

- *Acordo polo que se establecen as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo.*

Unha vez finalizada a negociación, **as partes agora asinantes**

**ACORDAN**

Ratificar as bases da carreira profesional recollidas no texto presentado o 15 de xuño na Mesa Sectorial, coas seguintes modificacións:

  
  
CIG Saúde  
CESM

  
SATSE

  
UGT



1.- Modificacións resultantes do acordo de bases acadado con CESH-Galicia (15 de xuño):

- Permanencia necesaria para acceder ao grao III (persoal licenciado sanitario): 5 anos en lugar de 6 anos (punto 6 da proposta, "estrutura de graos").
- Número 6 do punto 15 da proposta ("outras cláusulas"): onde di "1 de xullo de 2011" pasa a incorporarse "31 de decembro de 2011".


2.- Outras modificacións:

- No "ámbito de aplicación" (punto 4 da proposta) engádese o seguinte colectivo profesional: "Persoal laboral das entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde incluído no ámbito de aplicación do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario, e nas ordes da Consellería de Sanidade que se ditaron na súa execución".
- Permanencia necesaria para acceder ao grao III (persoal diplomado/graduado sanitario; persoal técnico sanitario e persoal de xestión e servizos): 6 anos en lugar de 7 anos (punto 6 da proposta, "estrutura de graos").
- Último apartado do "réxime extraordinario e excepcional de encadramento" (punto 14 da proposta): a porcentaxe do 50 % no ano 2019 e do 50 % no ano 2020 pasa a ser do 60 % no ano 2019 e do 40 % no ano 2020 (100 % da contía no ano 2020).
- Números 5 e 6 do punto 15 da proposta ("outras cláusulas"): os anos 2021, 2022 e 2023 substitúense polos anos 2020, 2021 e 2022.


**Outros acordos.**


1.- A Administración sanitaria impulsará de modo inmediato as actuacións precisas para a aprobación do Acordo polo Consello da Xunta, publicación no *Diario Oficial de Galicia* e efectividade, previos os informes e autorizacións preceptivos.

2.- A resolución pola que se inicie o prazo de presentación de solicitudes do réxime transitorio e excepcional de encadramento (punto 14 do Acordo) publicarase, coa maior brevidade posible, trala publicación do Acordo. A mesma resolución iniciará o procedemento, aberto e permanente, para que o persoal que reúna os requisitos solicite o grao inicial.

 Xos A. C. CG Saude



 CGT





3.- Para aplicar a porcentaxe de cumprimento dos obxectivos asistenciais, como criterio de avaliación no réxime transitorio e excepcional de encadramento do persoal licenciado sanitario, non se terá en conta o feito de que o/a interesado tivera asinado previamente os ditos obxectivos.

4.- A negociación dos baremos aplicables para o acceso aos sucesivos graos, prevista no punto 9 do Acordo, iniciarase no último cuadrimestre de 2018, na procura de proceder á publicación dos ditos baremos no ano 2019.

5.- A Administración sanitaria adoptará as medidas normativas necesarias para que o persoal interino (ou fixo doutra categoría en praza vacante por promoción interna temporal), con grao inicial, poida solicitar desde o ano 2023 o grao I e seguintes, e percibir desde ese mesmo ano o correspondente complemento de carreira, cumprindo os requisitos que se establecen con carácter xeral (agás a fixeza na categoría).

6.- Dentro dos sistemas de selección de persoal estatutario temporal promoveranse as medidas precisas para que o feito de estar vinculado como persoal substituto de longa duración non sexa impedimento para as ofertas de nomeamentos de interinidade, respectando a orde de prelación e demais preceptos que resulten de aplicación.

7.- A Administración ratifica o seu compromiso pola estabilidade no emprego con medidas de estabilización de persoal temporal e a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo, coa aprobación con carácter anual dun decreto de oferta de emprego público que autorice a convocatoria de probas selectivas de persoal fixo para a cobertura de todas as prazas vacantes das distintas categorías, no número máximo que permita a lexislación orzamentaria estatal, de carácter básico, na respectiva anualidade.

Polas Organizacións Sindicais

CIG

CESM, na condición de adherida

UGT

SATSE

Pola Administración